

---

# PROGRAMACIÓN

Departamento de Francés

1º Bacharelato

2016-2017



## ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN
2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE
3. OBXECTIVOS
4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDARES DE APRENDIZAXES AVALIABLES
  1. Temporalización e grao mínimo de concreción para superar a materia
  2. Procedementos e instrumentos de avaliación
5. CONCRECIÓNS METODOLOXÍCAS.
6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS
7. CRITERIOS DE AVALIACIÓN E CUALIFICACIÓN DO ALUMNADO
8. INDICADORES DE LOGRO SOBRE O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE
9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES E DOS REPETIDORES
10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS
11. ACREDITACION DE COÑECEMENTOS PREVIOS (BAC)
12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE
13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS
14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES
15. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA E DO FOMENTO DAS TIC
16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA
17. PROCEDEMENTOS PARA INFORMAR AO ALUMNADO SOBRE A PROGRAMACIÓN

## 1º BACHARELATO

### 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.

É evidente que na sociedade actual o coñecemento das linguas estranxeiras convértese nunha necesidade crecente. O dominio de ditas linguas implica a posibilidade de acceder a outras culturas, costumes e idiosincrasias ó tempo que fomenta as relacións interprofesionais, favorece a formación integral do individuo e desenvolve o respecto por outros países, polas súas xentes e culturas ao tempo que nos permite comprender mellor a nosa propia cultura.

No marco da Unión Europea recoñécese o papel das linguas estranxeiras como elemento clave na construción da dita identidade: unha identidade plurilingüe e multicultural. Ao mesmo tempo é este un dos factores que favorece a libre circulación de persoas e facilita a cooperación cultural, económica, técnica e científica entre países.

#### CARACTERÍSTICAS DO CENTRO:

##### Situación, Centros adscritos

O IES Perdouro está situado en Burela (Lugo), na comarca da Mariña Central, nunha zona semiurbana costeira. Conta cun centro de educación infantil e primaria adscrito, na mesma localidade, o CEIP Virxe do Carme, do que recibe a maioría do alumnado de ESO.

##### Ensinanzas que oferta o centro

Actualmente o centro oferta as seguintes ensinanzas:

Educación Secundaria Obrigatoria, con liña dous.

Bacharelato, tamén con liña dous.

Formación Profesional Básica, con un ciclo formativo:

- Fabricación e Montaxe (Familia profesional de Fabricación Mecánica)

## CARACTERÍSTICAS DO CENTRO:

### Situación, Centros adscritos

Formación Profesional de Grao Medio, con catro ciclos formativos:

- Instalacións de Telecomunicacións (familia profesional de Electricidade e Electrónica)
- Mecanizado (familia de Fabricación Mecánica)
- Peiteados e Cosmética Capilar (familia de Imaxe Persoal)
- Xestión Administrativa (familia de Administración e Xestión)

Formación Profesional de Grao Superior, con un ciclo formativo:

- Administración e Finanzas (familia profesional de Administración e Xestión)

### Características singulares

- Falta de espazos (cafetería, salón de actos, despachos de departamentos, aulas, ....)
- Centro colaborador do CFR de Lugo, sección de Burela.
- Barreiras arquitectónicas (6 escaleiras de mais de 3 m de desnivel, dúas escaleiras de menos de un metro de desnivel, non existen ascensores nin ramplas de acceso)
- Pavillón de deportes compartido co IES Monte Castelo.
- Profesorado comprometido, TIC, Proxecto Abalar, escasos problemas de convivencia,
- Apóstase por unha formación integral do alumno, TIC, linguas, múltiples actividades complementarias e extraescolares:
  - Saídas a diferentes puntos da comarca e de Galicia
  - Saídas ao estranxeiro (intercambio de Francés, viaxe a Londres)
  - Educación sexual
  - Educación viaria

**CARACTERÍSTICAS DO CENTRO:****Situación, Centros adscritos**

- Educación para a saúde
- Prevención de drogodependencias
- Seguridade no uso de internet e das redes sociais
- Mellora da convivencia, prevención do acoso escolar
- FCT no estranxeiro
- Contrato programa
- Proxecto Abalar
- Contamos cunha Asociación Cultural, a A. C. Os Matos, que organiza diversas actividades ao longo de cada curso (campionatos deportivos, concurso de relato, poesía e imaxe, charlas,...).

**CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO:****Lingua materna dominante**

Burela destaca pola súa multiculturalidade xa que conviven máis de 44 nacionalidades diferentes contando cunha importantísima poboación caboverdiana.

Burela acolle a moitos inmigrantes e a diversidade da súa poboación vese reflectida nas nosas aulas. Na ESO contamos cunha boa porcentaxe de alumnado nado fóra de España, a maioría do cal procede de Cabo Verde.

En función do seu uso lingüístico habitual, o alumnado do IES Perdouro pode ser clasificado en dous grupos:

- **uso maioritario do castelán.** É un colectivo próximo ao monolingüismo. O seu uso da lingua galega redúcese ás actividades académicas na materia de lingua e literatura galegas e naquelas outras con docencia e material de apoio no noso idioma. Representan un 14% do total do alumnado. Socioloxicamente proceden da inmigración interior (Asturias; Castela-León...) máis recente; da inmigración de países sudamericanos de fala hispana (Colombia; Perú e Arxentina); de movementos internos da poboación galega (familias da Galiza Atlántica) que chegan a Burela para traballar na sanidade, na pesca, no sector servizos ou na industria; e incluso doutros concellos da nosa comarca (Viveiro, Ribadeo, Cervo...).

**CARACTERÍSTICAS DO ALUMNADO:**

**Lingua materna dominante**

- **uso maioritario do galego** (case de xeito exclusivo na expresión espontánea). É un colectivo bilingüe, con uso maioritario do galego por motivación contextual. Representan un 86% do total. Consideramos relevante indicar que, alén do segmento de alumnado que representa a continuidade na transmisión interxeneracional (81%), neste grupo incluimos un 5% de alumnos e alumnas que no ambiente escolar se socializan en galego mais que teñen outro idioma para o uso familiar (castelán; crioulo cabo-verdiano).

**Problemas sociais destacados: abandono escolar, poboación emigrante, absentismo, violencia e/ou acoso escolar, ...**

Os problemas máis destacados son :

- o abandono escolar e o absentismo (sobre todo en FPB)
- e a chegada de alumnado estranxeiro xa avanzado o curso cunha idade comprendida entre os 16 e os 17 anos.

Este alumnado estranxeiro precisa:

- ser alfabetizado nas nosas linguas,
- unha atención individualizada debido ao desfase curricular que presentan,
- axuda para adaptarse a un novo sistema educativo que dista moito do sistema educativo do que proceden
- e axuda para superar as graves dificultades de adaptación ao medio escolar debidas a razóns sociais e culturais.

### Composición do Departamento de Francés

O departamento de francés componse de dúas persoas para este curso académico 2016-2017.

- Karina Parga Chao, xefa de departamento, profesora de Educación Secundaria, imparte clase en 3º, 4º ESO, e en 1º e 2º de bacharelato.
- Cristina Rivero López, profesora en prácticas especialista en Lingua Castelá, imparte clase de francés en 1º e 2º de ESO.

Este departamento imparte Francés, segunda lingua estranxeira, como optativa ofertada na ESO e bacharelato.

Iníciase o curso cos seguintes grupos:

Francés	1º ESO: 2 grupos:	35 alumnos.
Francés	2º ESO: 2 grupos:	23 alumnos.
Francés	3º ESO: 2 grupos:	30 alumnos.
Francés	4º ESO: 1 grupo:	9 alumnos.
Francés I	1º BAC: 1 grupo:	7 alumnos.
Francés II	2º BAC: 1 grupo:	5 alumnos.

TOTAL ALUMNADO DE FRANCÉS = 109 alumnos.

## 2. CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE

A LOMCE lembra que o Consello Europeo reunido en Barcelona en 2002 recolle entre as súas conclusións a necesidade de coordinar esforzos a favor dunha economía competitiva baseada no coñecemento, e insta os Estados membros da Unión Europea a desenvolver accións educativas conducentes á mellora do dominio das competencias clave, en particular mediante o ensino de polo menos dúas linguas estranxeiras desde unha idade moi temperá. No mesmo sentido, e en relación coa aprendizaxe ao longo da vida, o Consello de Europa sinala que a finalidade da educación lingüística no mundo de hoxe non debe ser tanto o dominio dunha ou máis segundas linguas tomadas illadamente, como o desenvolvemento dun perfil plurilingüe e intercultural integrado por competencias diversas en distintas linguas e a diferentes niveis, en función dos intereses e necesidades cambiantes do individuo. Así, para fomentar e facilitar a construción dun repertorio plurilingüe e intercultural, os currículos das etapas da ESO e do Bacharelato inclúen, con carácter específico, a materia de segunda lingua estranxeira. Seguindo o sistema

descriptivo do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas (MCERL), o currículo de segunda lingua estranxeira correspondente a estas etapas recolle os criterios de avaliación e os estándares de aprendizaxe avaliábeis que articularán a materia, co fin de que o alumnado poida desenvolver no segundo idioma que escollese, en sinerxía cos ensinamentos da segunda lingua estranxeira na etapa de Educación Primaria, as competencias clave que lle permitan desenvolverse no devandito idioma con sinxeleza, pero con suficiencia, nas situacións máis habituais en que poida atoparse nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional.

De modo que a competencia de comunicación en lingua estranxeira é de seu unha competencia clave.

Pero, pola súa propia natureza, a materia de lingua estranxeira permite, de maneira transversal, axudar ao desenvolvemento das demais competencias clave e contribuír ao desenvolvemento dos alumnos como persoas, estudantes, cidadáns e profesionais. As competencias garantirán a aprendizaxe ao longo de toda a vida das persoas, cuxo proceso non debe deterse nas etapas obrigatorias da súa educación.

Segundo o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se regulan as ensinanzas de educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG luns, 29 de xuño de 2015), no marco da proposta realizada pola Unión Europea identificáronse sete competencias clave:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC).
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Tendo en conta a incorporación destas competencias clave ao currículo da ESO, é preciso que en cada materia do devandito currículo se pretenda que todas as alumnas e alumnos alcancen os obxectivos educativos e, consecuentemente, que adquiran as competencias claves.

A materia de Francés, dado que é unha lingua estranxeira, contribúe en maior medida á competencia número 1, coñecida como competencia en comunicación lingüística. Pero tamén contribúe á adquisición das seguintes destrezas: a número 3, competencia dixital; a número 4, competencia para aprender a aprender; a número 5, competencias sociais e cívicas; a número 6, sentido de iniciativa e espírito emprendedor; e a número 7, conciencia e expresións culturais.

## **1. Comunicación Lingüística (CCL):**

- 1.1. Desenvolver habilidades comunicativas para interactuar de forma competente nas diferentes esferas da actividade social.



- 1.2. Ser capaz de escoitar, falar e conversar en francés.
- 1.3. Ser capaz de expresarse en francés, oralmente e por escrito, utilizando as convencións e a Linguaxe apropiada a cada situación.
- 1.4. Saber ler textos en francés e así ampliar coñecementos e favorecer o acceso a diversas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.
- 1.5. Interpretar diferentes tipos de discursos en contextos e con funcións diversas.
- 1.6. Recoñecer e aprender as regras de funcionamento do francés a partir das linguas que xa coñece.

### **3. Competencia Dixital (CD):**

- 3.1. Acceder a todo tipo de información que se pode encontrar en francés.
- 3.2. Utilizar o francés para comunicarse con outras persoas através do correo electrónico, whatsapp, en intercambios...
- 3.3. Crear contextos sociais e funcionais de comunicación.
- 3.4. Aproveitar os recursos dixitais para contactar con modelos lingüísticos diversos.

### **4. Competencia para Aprender a Aprender (CAA):**

- 4.1. Utilizar a linguaxe para interpretar e representar a realidade, construír coñecementos, formular hipóteses e opinións, e expresar e analizar sentimentos e emocións.
- 4.2. Reflexionar sobre a propia aprendizaxe.

### **5. Competencias Sociais e Cívicas (CSC):**

- 5.1. Utilizar o francés como vehículo de comunicación e transmisión cultural.
- 5.2. Recoñecer e aceptar, mediante o coñecemento do idioma, as diferenzas culturais e de comportamento.
- 5.3. Intercambiar información persoal en francés para reforzar a identidade dos interlocutores.
- 5.4. Aproveitar a interacción que se produce no traballo en equipo para aprender a participar, expresar ideas propias, escoitar as dos demais, desenvolver a habilidade para construír diálogos, tomar decisións valorando as achegas dos compañeiros, e favorecer o feito de aprender cos outros.

### **6. Sentido de Iniciativa e Espírito Emprendedor (CSIEE):**

- 6.1. Adquirir conciencia de valores e actitudes tales como a responsabilidade, a perseveranza, o auto coñecemento, a autoestima, a creatividade, a autocrítica, o control emocional, a capacidade de elixir, asumir riscos...

6.2. Ser capaz de elixir con criterio propio, imaxinar proxectos e levar adiante accións tanto no plano individual como en grupo.

6.3. Conseguir transformar as ideas en accións pasando polas fases de análise, desenvolvemento, planificación, toma de decisións, actuación, avaliación, autoavaliación, conclusións e posibles melloras.

6.4. Dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo. Poñerse no lugar do outro, valorar as súas ideas, dialogar e negociar, ser asertivos e traballar de forma cooperativa e flexible, ter espírito de superación e asumir riscos.

### **7. Competencia artística e Expresión Cultural (CCEC):**

7.1. Aproximarse mediante o estudo da lingua a outros autores que contribuíron dende distintas áreas á manifestación artística.

7.2. Expresar en francés opinións, gustos e emocións que producen diversas manifestacións culturais e artísticas.

7.3. Realizar traballos creativos individualmente e en grupo.

7.4. Realizar representacións de simulacións e narracións.

## **3. OBXECTIVOS DA ETAPA**

Antes de presentar os obxectivos do curso segundo o DOG introduciremos os obxectivos da etapa, para que poida entenderse no cadro feito pola consellería a que obxectivos fan referencia as letras que aparecen en dito cadro.

a) Exercer a cidadanía democrática, desde unha perspectiva global, e adquirir unha conciencia cívica responsable, inspirada polos valores da Constitución española e do Estatuto de autonomía de Galicia, así como polos dereitos humanos, que fomenta a corresponsabilidade na construción dunha sociedade xusta e equitativa e favoreza a sustentabilidade.

b) Consolidar unha madurez persoal e social que lle permita actuar de forma responsable e autónoma e desenvolver o seu espírito crítico. Ser quen de prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais.

c) Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, analizar e valorar criticamente as desigualdades e discriminacións existentes e, en particular, a violencia contra a muller, e impulsar a igualdade real e a non discriminación das persoas por calquera condición ou circunstancia persoal ou social, con atención especial ás persoas con discapacidade.

- d) Afianzar os hábitos de lectura, estudo e disciplina, como condicións necesarias para o eficaz aproveitamento da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- e) Dominar, tanto na súa expresión oral como na escrita, a lingua galega e a lingua castelá.
- f) Expresarse con fluidez e corrección nunha ou máis linguas estranxeiras.
- g) Utilizar con solvencia e responsabilidade as tecnoloxías da información e da comunicación.
- h) Coñecer e valorar criticamente as realidades do mundo contemporáneo, os seus antecedentes históricos e os principais factores da súa evolución. Participar de xeito solidario no desenvolvemento e na mellora do seu contorno social.
- i) Acceder aos coñecementos científicos e tecnolóxicos fundamentais, e dominar as habilidades básicas propias da modalidade elixida.
- l) Comprender os elementos e os procedementos fundamentais da investigación e dos métodos científicos. Coñecer e valorar de forma crítica a contribución da ciencia e da tecnoloxía ao cambio das condicións de vida, así como afianzar a sensibilidade e o respecto cara ao medio ambiente e a ordenación sustentable do territorio, con especial referencia ao territorio galego.
- m) Afianzar o espírito emprendedor con actitudes de creatividade, flexibilidade, iniciativa, traballo en equipo, confianza nun mesmo e sentido crítico.
- n) Desenvolver a sensibilidade artística e literaria, así como o criterio estético, como fontes de formación e enriquecemento cultural.
- ñ) Utilizar a educación física e o deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social, e impulsar condutas e hábitos saudables.
- o) Afianzar actitudes de respecto e prevención no ámbito da seguridade viaria.
- p) Valorar, respectar e afianzar o patrimonio material e inmaterial de Galicia, e contribuír á súa conservación e mellora no contexto dun mundo globalizado.

#### 4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE

##### 1) Temporalización e grao mínimo de concreción para superar a materia:

No cadro que aparece a continuación aparece reflectido para cada estándar de aprendizaxe a contribución ao desenvolvemento das competencias clave, a temporalización e o grao mínimo de consecución.

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato								
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización			Grao mínimo
					1ªav	2ªav	3ªav	
	Bloque 1. Comprensión de textos orais							
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Estratexias de comprensión:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema.</li> <li>Identificación do tipo textual, adaptando a comprensión a el.</li> <li>Distinción de tipos de comprensión (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</li> <li>Formulación de hipóteses sobre o contido e o contexto.</li> <li>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paralingüísticos (acenos, entoación, etc.).</li> <li>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir do coñecemento doutras linguas, e de elementos non lingüísticos (imaxes, música, etc.).</li> <li>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</li> </ul> </li> <li>▪ B1.2. Tolerancia da comprensión parcial ou vaga nunha situación comunicativa, e conciencia da importancia de chegar a comprender textos orais sen precisar entender todos e cada un dos seus elementos.</li> <li>▪ B1.3. Constancia no logro da comprensión oral, reescoitando o texto gravado ou solicitando repetición do dito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.1. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para a comprensión do sentido xeral, a información esencial, os puntos e as ideas principais ou os detalles relevantes do texto.</li> <li>▪ B1.2. Identificar o sentido xeral, a información esencial, os puntos principais e os detalles máis relevantes en textos orais breves ou de lonxitude media, transmitidos de viva voz ou por medios técnicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, nun rexistro formal, informal ou neutro, e que traten de aspectos concretos de temas xerais, sobre asuntos cotiáns en situacións correntes ou menos habituais, ou sobre os propios intereses nos ámbitos persoal, público, educativo e ocupacional, sempre que as condicións acústicas non distorsionen a mensaxe e se poida volver escoitar o dito.</li> <li>▪ B1.3. Comprender o esencial e a información relevante en situacións que impliquen a solicitude de información xeral (datos persoais, lugares, horarios, datas, prezos, formas de pagamento, actividades, etc.), sempre que lle poidan repetir o dito.</li> <li>▪ B1.4. Comprender o esencial en conversas sinxelas, básicas e breves sobre argumentacións básicas, puntos de vista e opinións relativos a temas</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o caso, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.</li> <li>▪ SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes, gravadas ou de viva voz, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información claramente estruturada, sempre que poida volver escoitar o dito ou pedir confirmación.</li> <li>▪ SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista na que participa, información relevante de carácter habitual e predicible sobre asuntos prácticos no ámbito educativo (datos persoais, intereses, preferencias, e gustos e proxectos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, acordo e desacordo, etc.), sempre que poida pedir que se lle repita ou que se reformule, aclare ou elabore algo do que se lle dixo.</li> <li>▪ SLEB1.4. Entende o que se di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes ou centros docentes), e os puntos principais e a información relevante cando se</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	x	x	x	50%
				<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>	x	x	x	50%
				<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	x	x	x	50%
				<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	x	x	x	50%

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización			Grao mínimo
		frecuentes do ámbito persoal ou público, estados de saúde, sensacións e sentimentos básicos, claramente estruturados e articulados a unha velocidade lenta ou media, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	lle fala directamente en situacións menos habituais, pero predicibles (por exemplo, a perda dun obxecto), sempre que poida volver escoitar o dito.	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>				
		<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B1.5. Comprender o sentido xeral e a información moi relevante e sinxela de presentacións ben estruturadas sobre temas familiares e predicibles, e de programas de televisión tales como informativos, entrevistas ou anuncios, sempre que as imaxes sexan suficientemente redundantes para facilitar a comprensión.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, opinións xustificadas e claramente articuladas a unha velocidade lenta ou media, sobre diversos asuntos cotiáns ou de interese persoal, así como a expresión de sentimentos sobre aspectos concretos de temas habituais ou de actualidade, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	x	x	x	50%
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB1.6. Identifica os aspectos máis importantes en presentacións sobre temas coñecidos ou do seu interese nos ámbitos persoal e educativo; e de programas informativos, documentais, entrevistas en televisión, anuncios publicitarios e programas de entretemento, cando o discurso está ben estruturado e articulado con claridade nunha variedade estándar da lingua, e con apoio da imaxe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>	x	x	x	50%
		Bloque 2. Producción de textos orais			1ªav	2ªav	3ªav	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Estratexias de produción: Planificación: — Identificar o contexto, o destinatario e a finalidade da produción ou da interacción. — Adecuar o texto ao destinatario, ao contexto e á canle, escollendo os expoñentes lin-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.1. Pronunciar de xeito intelixible, aínda que se cometan erros de pronuncia polos que as persoas interlocutoras teñan que solicitar repeticións para entender a mensaxe.</li> <li>▪ B2.2. Coñecer e saber aplicar as estratexias máis adecuadas para producir</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB2.1. Fai presentacións ensaiadas previamente, breves e con apoio visual, sobre aspectos concretos de temas educativos sinxelos do seu interese, organizando a información básica nun esquema coherente e ampliándoa con algúns exemplos, e respondendo a preguntas sinxelas de oíntes sobre o tema tratado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>	x	x	x	50%

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización			Grao mínimo
	<p>gúísticos necesarios para lograr a intención comunicativa.</p> <p>Execución:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Concibir a mensaxe con claridade, distinguindo a súa idea ou ideas principais, e a súa estrutura básica.</li> <li>– Activar os coñecementos previos sobre modelos e secuencias de interacción, e elementos lingüísticos previamente asimilados e memorizados.</li> <li>– Expressar a mensaxe con claridade e coherencia básica, estruturándoa adecuadamente e axustándose, de ser o caso, aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto memorizados e traballados na clase previamente.</li> <li>– Reaxustar a tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (limitar o que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</li> <li>– Compensar as carencias lingüísticas mediante procedementos lingüísticos e para-lingüísticos.</li> </ul> <p>Lingüísticos:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Modificar palabras de significado parecido.</li> <li>– Definir ou parafrasear un termo ou unha expresión.</li> <li>– Usar a lingua materna ou "estranxeirizar" palabras da lingua meta.</li> </ul>	<p>textos orais monolóxicos ou dialóxicos breves ou de lonxitude media, e de estrutura simple e clara, recorrendo, entre outros, a procedementos como a reformulación, en termos máis sinxelos ou de significado aproximado, do que se quere expresar cando non se dispón de estruturas ou léxico máis complexos en situacións comunicativas máis específicas.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B2.3. Intercambiar con pronuncia clara e intelixible, información en situacións de comunicación menos habituais, pero predicibles, nas que teña que expresar o acordo, o desacordo, o interese, a posibilidade e a imposibilidade, usando un repertorio de expresións frecuentes no ámbito público (doenzas, pequenas reclamacións, etc.), así como na expresión básica dos sentimentos e os intereses persoais, tales como satisfacción, desgusto, admiración e sorpresa.</li> <li>▪ B2.4. Producir textos de extensión breve ou media, tanto cara a cara como por teléfono ou por outros medios técnicos, nun rexistro formal, neutro ou informal, cun discurso comprensible e adecuado á situación, e utilizando as estratexias necesarias para iniciar, manter e facer progresar a comunicación.</li> <li>▪ B2.5. Intercambiar información e opinións, dar instrucións, describir e narrar acontecementos sinxelos, xustificar brevemente os motivos de accións e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB2.2. Toma parte en conversas formais ou entrevistas de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas moi habituais nestes contextos, intercambiando información relevante sobre feitos concretos, pedindo instrucións ou solucións a problemas prácticos, suscitando de xeito sinxelo e con claridade os seus puntos de vista, e xustificando brevemente as súas accións, opinións e plans.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	x	x	x	50%
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB2.3. Desenvólvese coa suficiente eficacia en situacións cotiás e menos habituais pero predicibles que poden xurdir durante unha viaxe ou estada noutros países por motivos persoais ou educativos (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, relacións coas autoridades, saúde ou lecer), e utiliza estratexias de comunicación lingüísticas (uso de exemplos e palabras de significado próximo) e xestos apropiados.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	x	x	x	50%
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB2.4. Participa en conversas informais, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiás, nas que intercambia información e se expresan e xustifican opinións brevemente; narra e describe feitos sinxelos ocorridos no pasado ou expresa brevemente plans de futuro; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións; expresa e xustifica sentimentos de xeito sinxelo, e describe con certo detalle aspectos concretos de temas de actualidade moi coñecidos ou de interese persoal ou educativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>	x	x	x	50%

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización			Grao mínimo
	<ul style="list-style-type: none"> <li>— Pedir axuda.</li> <li>Paralingüísticos:</li> <li>— Sinalar obxectos, usar deícticos ou realizar accións que aclaran o significado.</li> <li>— Usar linguaxe corporal culturalmente pertinente (acenos, expresións faciais, posturas e contacto visual ou corporal).</li> <li>— Usar elementos cuasiléxicos (hum, puah, etc.) de valor comunicativo.</li> <li>▪ B2.2. Actitude de respecto cara a si mesmo/a e cara ás demais persoas, para comprender e facerse comprender.</li> <li>▪ B2.3. Rutinas ou modelos comúns de interacción segundo o tipo de situación de comunicación.</li> </ul>	<p>planos, formular hipóteses, facer suxestións e argumentar de xeito sinxelo, aínda que se produzan pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que formular a mensaxe en termos máis sinxelos e repetir ou reelaborar o dito para axudar á comprensión da persoa interlocutora.</p>						
Bloque 3. Comprensión de textos escritos					1ªav	2ªav	3ªav	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Estratexias de comprensión:                             <ul style="list-style-type: none"> <li>Mobilización de información previa sobre o tipo de tarefa e o tema, a partir da información superficial: imaxes, organización na páxina, títulos de cabeceira, etc.</li> <li>Identificación do tipo de lectura demandado pola tarefa (en superficie ou oceánica, selectiva, intensiva ou extensiva).</li> <li>Distinción de tipos de comprensión necesarios para a realización da tarefa (sentido xeral, información esencial e puntos principais).</li> <li>Formulación de hipóteses sobre contido e</li> </ul> </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B3.1. Utilizar estratexias de lectura (recurso ás imaxes, títulos e outras informacións visuais, e aos coñecementos previos sobre o tema ou a situación de comunicación, e aos transferidos desde as linguas que coñece), identificando a información máis importante e deducindo o significado de palabras e expresións non coñecidas.</li> <li>▪ B3.2. Seguir instrucións e consignas básicas, sinxelas e predicibles, de carácter público, institucional ou corporativo.</li> <li>▪ B3.3. Comprender información relevante e</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB3.1. Identifica a información máis importante en textos xornalísticos do xénero informativo, en calquera soporte, breves e ben estruturados e que traten temas xerais e coñecidos ou traballados previamente, e capta as ideas principais de artigos divulgativos sinxelos, cunha linguaxe moi clara e un uso moi limitado de tecnicismos, sobre temas do seu interese.</li> <li>▪ SLEB3.2. Entende o sentido xeral e os puntos principais de anuncios e comunicacións sinxelos de carácter público, institucional ou corporativo, que conteñan instrucións e indicacións de carácter previsible, claramente</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>	x	x	x	50%
				<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> </ul>	x	x	x	50%

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización			Grao mínimo
	<p>contexto.</p> <p>Inferencia e formulación de hipóteses sobre significados a partir da comprensión de elementos significativos, lingüísticos e paratextuais, e do coñecemento e experiencias noutras linguas.</p> <p>Reformulación de hipóteses a partir da comprensión de novos elementos.</p> <p>▪ B3.2. Recoñecemento da estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura).</p>	<p>previsible en textos descritivos ou narrativos breves e ben estruturados nos que se informa de acontecementos, se describen accións, persoas, obxectos e lugares, e se manifestan opinións con expresións sinxelas, relativos a experiencias e a coñecementos propios da súa idade e do seu nivel escolar.</p> <p>▪ B3.4. Recoñecer a estrutura das cartas formais (remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura), e comprender un repertorio elemental e básico de expresións fixas de confirmación ou denegación, obriga, coñecemento, necesidade e permiso utilizadas para a concesión dunha bolsa, a confirmación dun pedimento, a reserva dun hotel, etc.</p> <p>▪ B3.5. Identificar a información esencial, os puntos máis relevantes e detalles importantes en textos, en formato impreso ou en soporte dixital, ben estruturados e de curta ou media extensión, escritos nun rexistro formal, informal ou neutro, que traten asuntos cotiáns, temas de interese ou relevantes para os propios estudos ou as ocupacións e que conteñan estruturas frecuentes e un léxico xeral de uso común.</p>	<p>estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal ou educativo (por exemplo, sobre cursos, prácticas ou becas).</p> <p>▪ SLEB3.3. Identifica a información máis importante en instrucións sobre o uso de aparellos ou de programas informáticos de uso habitual, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia no ámbito público e educativo.</p> <p>▪ SLEB3.4. Identifica en lecturas adaptadas as liñas xerais do argumento, o carácter dos personaxes e as características do lugar e o tempo en que se desenvolven.</p> <p>▪ SLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, breve e sinxela, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen e narran feitos e experiencias, impresións e sentimentos, e se intercambian información e opinións sobre aspectos concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.</p> <p>▪ SLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal institucional ou comercial sobre asuntos que poden xurdir, por exemplo, mentres organiza ou realiza unha viaxe ao estranxeiro (concesión dunha bolsa, confirmación dun pedimento, reserva dun hotel, etc.).</p>	<p>▪ CCEC</p> <p>▪ CD</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CD</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CD</p> <p>▪ CCL</p> <p>▪ CAA</p> <p>▪ CSC</p> <p>▪ CCEC</p> <p>▪ CD</p>				
					x	x	x	50%
					x	x	x	50%
					x	x	x	50%



Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización			Grao mínimo
			<ul style="list-style-type: none"> <li>SLEB3.7. Entende información específica relevante en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta (glosarios, dicionarios, enciclopedias e revistas) claramente estruturados, que conteñan mapas, fotografías, imaxes, vídeos ou animacións que axuden á comprensión sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> <li>CD</li> </ul>	x	x	x	50%
Bloque 4. Producción de textos escritos					1ªav	2ªav	3ªav	
<ul style="list-style-type: none"> <li>a</li> <li>b</li> <li>c</li> <li>f</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4. Estratexias de produción: Planificación:                      – Mobilización e coordinación das propias competencias xerais e comunicativas co fin de realizar eficazmente a tarefa (reparar o que se sabe sobre o tema, o que se pode ou se quere dicir, etc.).                      – Localización e uso adecuado de recursos lingüísticos ou temáticos (uso dun dicionario ou dunha gramática, obtención de axuda, etc.).                      – Uso de elementos coñecidos obtidos de modelos moi sinxelos de textos escritos, para elaborar os propios textos.                      Execución:                      – Elaboración dun borrador seguindo textos modelo.                      – Estruturación do contido do texto.                 </li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>B4.1. Coñecer, seleccionar e aplicar as estratexias máis adecuadas para elaborar textos escritos sinxelos de lonxitude breve ou media (elección da persoa destinataria, finalidade do escrito, planificación, redacción do borrador, revisión do texto e versión final), incorporando esquemas e expresións de textos modelo con funcións comunicativas similares ao texto que se quere producir.</li> <li>B4.2. Completar documentos básicos nos que se solicite información persoal ou relativa aos seus estudos ou á súa formación.</li> <li>B4.3. Escribir mensaxes sinxelas e breves con información, instrucións e indicacións básicas e opinións sinxelas, relacionadas con actividades cotiás ou do seu interese.</li> <li>B4.4. Producir correspondencia formal para solicitar ou dar información relativa a bens e servizos, a partir de modelos sinxelos e básicos, actuando como</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal, en calquera formato, na que describe experiencias e sentimentos; narra, de forma lineal, actividades e experiencias presentes e pasadas; e intercambia información e opinións sobre temas concretos nas súas áreas de interese persoal ou educativo.</li> <li>SLEB4.2. Completa un cuestionario con información persoal, educativa ou ocupacional (nivel de estudos, materias que cursa, preferencias, etc.) cunha finalidade específica, como inscribirse nun curso ou solicitar un campamento de verán.</li> <li>SLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e transmite información e opinións sinxelas, respectando as convencións e as normas de cortesía.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> <li>CD</li> </ul>	x	x	x	50%
				<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> <li>CD</li> </ul>	x	x	x	50%
				<ul style="list-style-type: none"> <li>CCL</li> <li>CAA</li> <li>CSC</li> <li>CCEC</li> <li>CD</li> </ul>	x	x	x	50%

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización			Grao mínimo
	<ul style="list-style-type: none"> <li>– Organización do texto en parágrafos curtos abordando en cada un unha idea principal, conformando entre todos o seu significado ou a idea global.</li> <li>– Expresión da mensaxe con claridade axustándose aos modelos e ás fórmulas de cada tipo de texto.</li> <li>– Reaxuste da tarefa (emprender unha versión máis modesta) ou da mensaxe (facer concesións no que realmente lle gustaría expresar), tras valorar as dificultades e os recursos lingüísticos dispoñibles.</li> <li>– Recurso aos coñecementos previos (utilizar frases feitas e locucións, do tipo "agora volvo", "botar unha man", etc.).</li> </ul> <p>Revisión:</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>– Identificación de problemas, erros e repeticións.</li> <li>– Atención ás convencións ortográficas e aos signos de puntuación.</li> <li>– Presentación coidada do texto (marxes, limpeza, tamaño da letra, etc.).</li> <li>– Reescritura definitiva.</li> </ul> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.2. Elaboración de cartas formais respectando a súa estrutura: remitente, cabeceira, lugar e data; asunto, saúdo á persoa destinataria, corpo da carta, despedida e sinatura.</li> <li>▪ B4.3. Elaboración de informes expositivos elementais e breves, organizados nunha estrutura básica que inclúa unha introdución, o</li> </ul>	<p>mediación lingüística (adecuada ao seu nivel escolar), de ser o caso, cunha presentación do texto limpa e ordenada.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B4.5. Escribir, en papel ou en soporte dixital, textos de estrutura clara, breves ou de extensión media, sobre asuntos cotiáns ou temas de interese persoal ou educativo, nun rexistro formal, neutro ou informal, utilizando os recursos de cohesión, as convencións ortográficas e os signos de puntuación máis comúns, e amosando un control razoable de estruturas e un léxico de uso frecuente de carácter xeral.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, na que pide ou dá información, ou solicita un servizo, respectando as convencións formais e normas de cortesía máis comúns neste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada do texto.</li> <li>▪ SLEB4.5. Escribe, nun formato convencional, informes expositivos moi breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo, facendo breves descricións e narrando acontecementos seguindo unha estrutura esquemática moi sinxela (título, corpo do texto e, de ser o caso, conclusión e bibliografía).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>				
				<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	x	x	x	50%

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato								
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización			Grao mínimo
	corpo do informe, a conclusión e a bibliografía.							
Bloque 5: Coñecemento da lingua, e consciencia intercultural e plurilingüe					1ªav	2ªav	3ªav	
<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ a</li> <li>▪ b</li> <li>▪ c</li> <li>▪ f</li> <li>▪ p</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Padróns sonoros, acentuais, rítmicos e de entoación básicos: Sons e fonemas vocálicos. Sons e fonemas consonánticos e as súas agrupacións. Procesos fonolóxicos máis básicos. Acento fónico dos elementos léxicos illados e na oración.</li> <li>▪ B5.2. Padróns gráficos e convencións ortográficas: Uso das normas básicas de ortografía da palabra. Utilización adecuada da ortografía da oración: coma, punto e coma, puntos suspensivos, parénteses e comiñas.</li> <li>▪ B5.3. Aspectos socioculturais e sociolingüísticos: Recoñecemento e uso de convencións sociais básicas e normas de cortesía propias da súa idade e de rexistros informal e estándar, e da linguaxe non verbal elemental na cultura estranxeira. Achegamento aos hábitos e ás actividades de estudo, traballo e lecer, condicións de vida e relacións interpersoais (no ámbito educativo, ocupacional e institucional); o contorno xeográfico básico (clima, rexións) e referentes artístico-culturais (feitos históricos e personaxes salientables).</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.1. Expresarse coa suficiente fluidez para que poida seguirse sen moita dificultade o fío do discurso, aínda que poidan producirse pausas para planificar o que se vai dicir e, en ocasións, haxa que interromper e reiniciar a mensaxe para reformulala en termos máis sinxelos e máis claros para a persoa interlocutora.</li> <li>▪ B5.2. Utilizar as convencións ortográficas, de puntuación e de formato de uso moi frecuente, en textos escritos en diferentes soportes, coa corrección suficiente para non dar lugar a serios malentendidos, aínda poidan cometerse erros que non interrompan a comunicación.</li> <li>▪ B5.3. Utilizar para a comprensión e produción de textos orais e escritos os coñecementos socioculturais e sociolingüísticos adquiridos relativos á vida cotiá (hábitos e actividades de estudo, traballo e lecer), condicións de vida e contorno, relacións interpersoais (entre homes e mulleres, no ámbito educativo, ocupacional e institucional), comportamento (posturas, expresións faciais, uso da voz, contacto visual e proxémica), e convencións sociais (actitudes e valores), axustando a mensaxe á persoa destinataria e ao propósito comunicativo, e amosando a propiedade e a cortesía debidas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	x	x	x	50%
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	x	x	x	50%
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>	x	x	x	50%
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> <li>▪ CD</li> </ul>	x	x	x	50%
			<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CCL</li> <li>▪ CAA</li> </ul>	x	x	x	50%

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato								
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización			Grao mínimo
	<p>Recoñecemento de valores, crenzas, actitudes e tradicións fundamentais, e calquera outro aspecto cultural de interese, así como os aspectos culturais básicos que permitan comprender os países onde se fala a lingua estranxeira e actuar neles adecuadamente.</p> <p>Identificación dalgunhas similitudes e diferenzas elementais e máis significativas nos costumes cotiáns entre os países onde se fala a lingua estranxeira e o noso.</p> <p>Actitude receptiva e respectuosa cara ás persoas, os países e as comunidades lingüísticas que falan outra lingua e teñen unha cultura diferente á propia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Producir textos e inferir o significado probable de palabras ou frases que descoñece a partir das experiencias e os coñecementos transferidos desde as linguas que coñece.</li> <li>▪ B5.5. Participar en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, etc.) nos que se utilicen varias linguas, tanto curriculares como outras presentes no centro docente, relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais.</li> <li>▪ B5.6. Distinguir e levar a cabo as funcións demandadas polo propósito comunicativo, mediante os expoñentes básicos das devanditas funcións e os patróns discursivos de uso máis habitual, así como os seus significados asociados (por exemplo, utilizar unha estrutura interrogativa para facer unha suxestión), e empregar para comunicarse mecanismos sinxelos bastante axustados ao contexto e á intención comunicativa (repetición léxica, elipse, deíxe persoal, espacial e temporal, xustaposición, e conectores e marcadores discursivos moi frecuentes), sempre que sexan traballados na clase previamente.</li> <li>▪ B5.7. Recoñecer e utilizar un repertorio léxico de uso común relativo a asuntos cotiáns e a temas xerais ou relacionados cos propios intereses, os estudos e as ocupacións, e un repertorio limitado de expresións de uso moi frecuente</li> </ul>	<p>necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, disculparse, solicitar algo, invitar, etc.), utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar suficientes para comunicar con eficacia.</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ CSC</li> <li>▪ CCEC</li> </ul>				
	<ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.4. Plurilingüismo: Identificación de similitudes e diferenzas entre as linguas que coñece para mellorar a súa aprendizaxe e lograr unha competencia comunicativa integrada. Participación en proxectos nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.</li> <li>▪ B5.5. Funcións comunicativas: Iniciación e mantemento de relacións persoais e sociais básicas propias da súa idade. Descrición de calidades físicas e abstractas moi básicas de persoas, obxectos, lugares e actividades.</li> </ul>				x	x	x	50%

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato							
Obxectivos	Contidos	Critérios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización		Grao mínimo
	<p>Narración de acontecementos e descrición de estados e situacións presentes, e expresión moi básica de sucesos futuros.</p> <p>Petición e ofrecemento de información e indicacións, e expresión moi sinxela de opinións e advertencias.</p> <p>Expresión do coñecemento, o descoñecemento e a certeza.</p> <p>Expresión da vontade, a intención, a orde, a autorización e a prohibición.</p> <p>Expresión do interese, a aprobación, o aprecio, a satisfacción e a sorpresa, así como os seus contrarios.</p> <p>Establecemento e mantemento básicos da comunicación e a organización elemental do discurso.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ B5.6. Léxico oral e escrito básico de uso común relativo a aspectos culturais variados:                     <ul style="list-style-type: none"> <li>Vida cotiá: alimentación (pratos e produtos típicos, costumes alimentarios, tabús, convencións sociais, horarios etc.); familia e amizades; actividades de lecer; viaxes e transportes; festas e celebracións; saúde e educación; compras e actividades comerciais.</li> <li>Bens e servizos básicos.</li> <li>Contorno: clima, campo, cidade e lugares máis representativos.</li> <li>Tecnoloxía: aparellos de uso cotián.</li> <li>Calquera outro que se considere de interese.</li> <li>Expresións fixas e enunciados fraseolóxicos básicos e moi habituais.</li> </ul> </li> </ul>	<p>suficiente para comunicar no seu nivel escolar.</p>					

Segunda Lingua Estranxeira I. 1º de bacharelato						
Obxectivos	Contidos	Criterios de avaliación	Estándares de aprendizaxe	Competencias clave	Temporalización	Grao mínimo
	<ul style="list-style-type: none"> <li>B5.7. Estruturas sintáctico-discursivas propias de cada idioma.</li> </ul>					

Contidos sintáctico-discursivos
<ul style="list-style-type: none"> <li>Expresión de relacións lóxicas: conxunción; disxunción; oposición (<i>alors que, au lieu de + Inf, bien que, par contre, malgré, pourtant, tout de même</i>); causa (<i>puisque</i>); finalidade (<i>de façon à, de manière à + Inf.</i>); comparación (<i>plus...plus, moins...moins, plus...moins, moins...plus</i>); consecuencia (<i>de telle manière que, de façon à ce que</i>); condición (<i>si, même si + Indic.</i>); estilo indirecto.</li> <li>Relacións temporais (<i>depuis, de... jusqu'à, lorsque, avant/après + Inf., au moment où, (à) chaque fois que</i>).</li> <li>Exclamación (<i>Que, Hélas!</i>)</li> <li>Negación (<i>personne ne..., rien ne..., ne...aucun, ne... que, ne... pas encore</i>).</li> <li>Interrogación (<i>lequel, laquelle, lesquels, lesquelles, auquel, duquel</i>).</li> <li>Expresión do tempo: presente; pasado; futuro.</li> <li>Expresión do aspecto: puntual (frases simples); durativo (<i>il était une fois</i>); habitual (<i>de temps en temps, chaque, tous les</i>); incoativo, terminativo.</li> <li>Expresión da modalidade: factualidade; capacidade (<i>réussir à</i>); posibilidade/probabilidade (<i>c'est (presque) certain</i>); necesidade; obriga/prohibición (<i>défense de, défendu de+ Inf.</i>); permiso (<i>permettre de faire qqch. à qq'un, donner la permission à qq'un de faire qqch</i>); intención/deseño (<i>penser/espérer + Inf.</i>); factitivo o causal con el verbo <i>faire</i> (ex: <i>Pierre a fait tomber son livre/s'est fait couper les cheveux</i>); condicional (<i>conditionnel présent</i>); cortesía.</li> <li>Expresión da existencia: presentativos; a entidade (artigos, sustantivos, pronomes persoais, adxectivos e pronomes demostrativos; pronomes persoais OD e OI, "en", "y"; proposicións adxectivais); a cualidade; a posesión.</li> <li>Expresión da cantidade (fraccións, decimais, porcentaxes; artigos partitivos, adverbios de cantidade e medidas) e do grao.</li> <li>Expresión do espazo (<i>prépositions et adverbos de lieu, position, distance, mouvement, direction, provenance, destination</i>).</li> <li>Expresión do tempo: puntual (<i>dans n° jours</i>); divisións (<i>dans les années, quinzaine</i>); indicacións de tempo (<i>au début, à la fin, en début de semaine</i>); duración (<i>matinée, journée, soirée</i>); anterioridade (<i>jusqu'à ce que</i>); posterioridade (<i>dès que, depuis (le temps) que</i>); secuenciación (<i>premièrement, deuxièmement</i>);</li> </ul>

Contidos sintáctico-discursivos
<p>simultaneidade (<i>lorsque, lors de + nom</i>); frecuencia (<i>tous/ toutes les..., généralement, quelquefois, rarement, presque jamais</i>).</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>▪ Expresión do modo (<i>de cette manière, de cette façon là</i>).</li> </ul>



## 2) PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DA AVALIACIÓN

### • INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

Cada trimestre realizaranse na aula *probas obxectivas* por cada unidade que conteñan os obxectivos e contidos mínimos establecidos.

Tamén faranse *controles* puntuais en clase de vocabulario, verbos, fichas de comprensión, ditados, pronunciación - lectura.

Así mesmo realizaranse *tarefas* para casa: traballos, actividades de redacións (escribir unha carta) de descrición, exercicios de ampliación que serán valorados sempre de maneira positiva.

Tomarase en conta o comportamento do alumno: a iniciativa e o interese, a participación, a capacidade de traballo en grupo, os hábitos de traballo, o cumprimento das tarefas e prazo.

A nota final de cada avaliación será o resultado de todas as notas obtidas nos seguintes procedementos:

- O traballo persoal do alumno, valorando sempre o progreso e o esforzo.
- A asistencia a clase co material requirido e boa disposición.
- A participación activa e unha actitude correcta en clase servirán para medir a expresión e comprensión oral.
- As probas de cada unidade didáctica.

Para superar a avaliación, o alumno deberá obter nas probas obxectivas un mínimo de 5/10. Se o alumno obtén unha nota media inferior a 5 na suma das probas obxectivas recorrerase a un exame de recuperación para superar dita avaliación.

- **PROCEDEMENTOS**

▲ **NOTA DE AVALIACIÓN CONTINUA**

Todo o proceso de aprendizaxe forma parte da avaliación e inclúe o traballo diario, a actitude, o rendemento na aula, os traballos realizados na casa e os cadernos persoais.

**Cálculo da nota de cada avaliación:**

A nota da avaliación será o resultado das cualificacións obtidas nos seguintes aspectos:

- **A media dos probas escritas (exames de cada unidade) : 70%**

Non se fai media cunha nota inferior a un 4 nun dos exames. (2 exames por trimestre aprox.). Neste suposto o alumno/a terá que, mediante unha proba de recuperación despois de cada avaliación, recuperar unicamente o/os exame(s) suspenso(s) da avaliación.

- **A media das actividades de clase (traballos e a participación), a realización dos deberes** entregados en prazo, valorando sempre os avances positivos e o esforzo: **30%**
- **O caderno de clase, a actitude e asistencia co material en clase:**

Os aspectos a valorar serán a toma de apuntes de clase, o seguimento da realización e corrección dos exercicios de clase, a limpeza e a boa presentación.

En canto á actitude, tódolos alumnos partirán dun dez e perderán dous puntos cada vez que demostren unha falta de interese (non realizar os exercicios da clase ou da casa) ou necesiten unha chamada de atención polo seu comportamento.

Á hora de calcular a nota media da avaliación, terase en conta un redondeo á baixa por incumprimento do prazo de entrega dos traballos, comportamento negativo, falta de interese e actitude incorrecta con respecto á profesora e compañeiros de clase. E polo contrario sempre e cando a actitude sexa boa procederase ao redondeo a alza.

▲ **RECUPERACIÓN:**

Despois da primeira e segunda avaliación, realizarase un exame de recuperación no que se recuperan unicamente os exames suspensos da avaliación, é dicir, quedan excluídos de dita recuperación os exames aprobados desa avaliación.

Unha vez realizada a recuperación da parte suspensa, calcularase de novo a nota da avaliación retomando as cualificacións obtidas con anterioridade. Tomarase en conta a puntuación do exame de recuperación para o cálculo da parte das probas (70% da nota) e engadirase os resultados das tarefas, as



actividades en clase (30%) e a participación.

▲ NOTA FINAL:

A cualificación final obterase calculando a media das tres avaliacións e valorando a progresión positiva dos alumnos ao longo do curso. Para aprobar o curso é necesario obter unha nota superior ou igual a 5/10.

▲ EXAME DE SETEMBRO:

O alumno examínase da materia na súa totalidade.

## 5. CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS

O currículo básico proposto pola LOMCE, que recolle as recomendacións do Marco Común Europeo de Referencia para as Linguas, está orientado á acción, é dicir, a desenvolver no alumnado a capacidade de integrar e de pór en xogo as actitudes, os coñecementos e as destrezas que lle permitan comunicarse en situacións específicas no mundo real. Esta capacidade para a comunicación efectiva en contextos reais supón, en primeiro lugar, considerar a lingua como algo que se fai e que se aprende a facer, antes que como algo que se estuda e simplemente se sabe. A comunicación no mundo real require, así mesmo, abordar a aprendizaxe, o ensino e a avaliación a partir do texto como unha unidade, en que se materializan conxuntamente todos os aspectos que nunha análise máis teórica da lingua adoitan tratarse por separado e como compoñentes illados. Sen que o enfoque orientado á acción desatenda en ningún momento a análise, o estudo e a práctica das distintas competencias que capacitarán o alumnado para construír e decodificar textos, non debe esquecerse que son as actividades de comprensión e produción dos devanditos textos, en determinados contextos, o que constitúe a acción comunicativa lingüística real. Por todo iso, e para que o alumnado poida facer un uso da lingua que responda eficazmente ao reto comunicativo, é conveniente que tanto a análise e a reflexión sobre a lingua como o seu estudo e a súa práctica se deriven do que o texto oral ou escrito demande en cada caso, e que tanto o traballo realizado na aula como na aprendizaxe autónoma teñan como referencia os textos que os alumnos haberán de ser capaces de comprender e de producir, de maneira que as accións pedagóxicas e as tarefas de aprendizaxe, aínda que son diversas e motivadoras, teñan sempre como característica común a contribución á consecución dos obxectivos específicos que establecen os estándares de aprendizaxe avaliados para cada conxunto de actividades lingüísticas na etapa respectiva.

Os nosos principios metodolóxicos son os seguintes:

-Partir da vida real dos alumnos e das súas experiencias concretas para obter un aprendizaxe significativo.

- Ter en conta o que saben xa para servir de apoio ós novos aprendizaxes.
- Animar á reflexión, a confrontación de opinións e a exteriorizar as emocións.
- Respectar as particularidades de cada alumno adaptando os métodos, as actividades e os recursos aportados. Traballar a coeducación e a non discriminación sexual.
- Utilizar técnicas e soportes variados que nos permitan o desenvolvemento da capacidade crítica e creativa.
- Favorecer a autoavaliación como ferramenta para pór de relevo a realidade e xulgala obxectivamente.
- Acostumar ó traballo en grupo, poñendo en común capacidades e intereses, estimulando o diálogo, destacando a responsabilidade individual e a solidariedade, axudando ás tomas de decisión colectivas, orientando as confrontacións.
- Crear un ambiente de colaboración de distribución de tarefas e de responsabilidades, de identificación da cultura propia, de respecto ó patrimonio natural e cultural propio e dos demais. Desenvolver o espírito de cidadanía.
- Suscitar as argumentacións razoadas, a convivencia, o respecto aos outros, a non discriminación sexual, relixiosa ou étnica.

Para cumprir os obxectivos das ensinanzas dos idiomas modernos, é necesario utilizar unha metodoloxía activa, flexible e sobre todo, centrada no alumno. Para iso, o alumno debe se-lo elemento activo da clase, sendo o profesor o mero promotor da actividade. Todo elo permitirá ao alumno que aprenda a se comunicar cos seus compañeiros no idioma estranxeiro e que perda a vergonza a utilizar unha lingua distinta da materna. Programaremos pois actividades que permitan ós alumnos intercambiar información e interaccionar ,en parellas ou en pequenos grupos.

A finalidade é ensinar a se comunicar nunha lingua estranxeira para o que hai que adoptar un enfoque baseado na comunicación e orientado á adquisición dunha competencia comunicativa. Esta inclúe diferentes sub-competencias :gramatical, discursiva, sociolingüística, estratéxica e sociocultural.

É esencial o desenvolvemento das catro destrezas lingüísticas, aínda que a miúdo é necesario centra-la actividade nunha destreza concreta, o fin último será a integración das catro.

Ademais de prestar especial atención ás catro destrezas , temos en conta tamén as destrezas de estudo e aprendizaxe das linguas e o desenvolvemento de estratexias.

### **A comprensión oral**

O alumno ten acceso a unha exposición de lingua ampla e variada (gravacións, profesor..), para poder elaborar hipóteses de sentido que logo irá verificando.

Hai un gran número de actividades destinadas a este fin como actividades de relacionar, repeticións, ditados, toma de notas etc.

### **A comprensión escrita**

Unha gran variedade de documentos (textos curtos, cómic, magazine ) están destinados a descubri-la comprensión escrita con axuda de actividades do tipo: busca de información, completar espazos en branco etc.

### **A expresión oral**

Estimularémos o uso do francés no aula por medio dunha gran variedade de actividades individuais, en grupo, por parellas.

Proporcionaránelles as estruturas, o vocabulario e os modelos que poderán utilizar na realización de dita tarefa.

Asimesmo o profesor servirse do encerado para escribir palabras e expresións que servirán ó mesmo fin.

### **A expresión escrita**

Pequenos textos escritos polos alumnos en grupos serán logo expostos á clase e avaliados por eles mesmos. Modelos proporcionados con anterioridade axudarán ós alumnos en dita actividade.

Todas estas actividades desenvólvense expoñendo ao alumno a unha gran diversidade de situacións e contextos, o que lles permiten interaccionar cos materiais de forma individual e con compañeiros.

Estas son o medio a través do que os alumnos adquiren os contidos necesarios para desenvolver a súa competencia comunicativa.

Estas actividades teñen que simular e imitar a comunicación, da mesma forma que se produce nunha situación real aínda que realícense no aula e deben estar contextualizadas na realidade. Mediante elas o alumno aprende e practica os contidos, utilízalos cun fin comunicativo e reutiliza outros xa traballados.

O traballo en grupo das actividades orais a veces resulta difícil de controlar e de corrixir os erros pero cremos que só en situacións entre iguais (alumnos) conseguiremos a comunicación máis asemellada á real.

Estableceremos un voceiro, diferente en cada actividade, que será o encargado de expoñe-lo resultado do traballo ou a opinión do grupo e que poderá ser valorado polo resto dos compañeiros. As actitudes de colaboración e respecto póñense de relevo neste tipo de actividades.

Concretamente o noso método de traballo apoia-se no libro de texto elixido, que consta de 6 módulos cada un de 5 leccións, das cales 4 aportan coñecementos e a 5ª destínase a medir o progreso ao curso do módulo.

A lingua que enseñamos é unha lingua funcional que serve nas situacións de comunicación próximas à vida real dos rapaces. Tamén introdúcense situacións imaxinarias para provocar a sorpresa e incitalos a falar.

A gramática tamén é simple e funcional e sempre se presenta en situacións a partir de xogos, mensaxes ou minirelatos.

En canto ao vocabulario, serviranos para que poda ser memorizado e que nos axude a que a comunicación sexa rápida. As veces ese vocabulario memorízase dentro de estruturas globais.

Procuraremos que o alumno pronuncie ben dende o comezo. Dentro de cada módulo explicaremos os fonemas mais difíciles por medio de xogos ou frases humorísticas . O ritmo e a entoación traballaránse grazas á memorización de pequenos diálogos.

Facemos fincapé no paso do escrito ao oral. Sabemos que o contacto ca lingua escrita é máis doado có contacto co oral; empezamos pois lendo e traducindo en voz alta. Sempre nos apoiaremos nas gravacións para verificar esas lecturas.

Si o tempo e o desenvolvemento da clase nolo permite, cada dous módulos terminaremos cunha “tâche globale” chamada Projet onde os alumnos integrarán as catro destrezas. Van practicar oral e escrito, a expresión e a comprensión, o traballo individual e o colectivo.

Reforzamos a adquisición de competencias co caderno de exercicios que serán traballados na casa e corrixidos na clase en voz alta.

Antes de empezar un módulo, comunicamos ao alumno cales van ser as adquisicións, para así implicalo no traballo e que sinta que os exercicios a realizar teñen unha finalidade práctica.

Seguimos o desenrolo de cada unha das leccións realizando as diferentes actividades propostas e apoiados estas actividades con diferentes exercicios que figuran no caderno.

Rematamos o módulo revisando todos os contidos, tanto nos apartados de comunicación como de fonética e civilización.

Os tests de expresión oral servirannos para facer un balance tamén do adquirido nesa competencia.

A utilización das TIC axuda ao alumno a desenvolver xeitos para obter informacións que transformará logo en coñecementos.

## 6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

OUTROS: dicionarios, fichas de exercicios e material complementario, aula virtual, internet (cancións, videos, ...)

PÁXINAS WEBS DE REFERENCIA:

<http://www.lepointdufle.net>

<http://francesbrunete.blogspot.com.es/>

<http://francaisenligne.free.fr/ecouter/foutaises.php>

<http://fandefle.com/>

<http://www.bonjourdefrance.com/>

<http://babelnet.sbg.ac.at/canalreve/>  
<http://www2.sp.utexas.edu/fr/>  
<http://www.didieraccord.com/accord2/dossier1/>  
<http://www.rfi.fr>

## **7. CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CUALIFICACIÓN E PROMOCIÓN DO ALUMNADO**

Avaliación e cualificación do alumnado: criterios fixados no apartado de “Procedementos e instrumentos de avaliación”.

Promoción do alumnado: criterios fixados na lexislación vixente.

## PARTE COMÚN PARA TODOS OS CURSOS

### 8. INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE

	Escala			Observacións:
	1	2	3	
Realizáronse tarefas de expresión oral.				
Realizáronse tarefas de comprensión oral.				
Realizáronse tarefas de expresión escrita.				
Realizáronse tarefas de comprensión escrita.				
Traballouse tanto a lingua oral coma a escrita, dándolle a mesma importancia ás dúas.				
Fomentouse o uso do francés para comunicarse na aula.				
Desenvolvéronse estratexias que permitan aos alumnos mellorar a súa comprensión e as súas producións orais e escritas.				
Incorporáronse as TIC aos procesos de ensino-aprendizaxe.				
Prestouse atención aos elementos transversais.				
Conseguiuse espertar o interese do alumnado.				

Conseguíuse a participación activa de todo o alumnado.				
Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
Ofreceuse a cada alumno as explicacións individualizadas que precisou.				
Combinouse o traballo individual e en equipo.				
Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
O peso atribuído a cada unha das destrezas na avaliación foi equilibrado.				
Dáse un peso real ao traballo realizado na aula, tanto oral coma escrito.				
Ofrécense ao alumnado os resultados das probas e traballos.				
Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
O material utilizado foi adecuado.				
O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
Impartíronse todos os contidos programados.				

## 9. ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES E DOS REPETIDORES

### Pendientes:

O alumnado que leva a materia pendente terá que presentarse a dúas probas escritas segundo o calendario de pendentes. Ademais o alumnado deberá asistir 2 sesións mensuais ás clases de atención ao alumnado onde se traballará con el para resolver dúbidas e controlar o seu hábito de traballo.

Cada trimestre (no primeiro e no segundo) entregaráselle ao alumno *tarefas* para casa: traballos, actividades de redaccións (escribir unha carta) de descrición, exercicios de ampliación, traballos de vocabulario, verbos, fichas de comprensión que deberá realizar en casa e entregar ao profesor responsable no prazo fixado por este último.

Tomarase en conta o comportamento do alumnado: a iniciativa e o interese, os hábitos de traballo, o cumprimento das tarefas e prazo.

O alumnado que, trala segunda proba, obteña unha nota media (redondeada) de alomenos 5, será cualificado como aprobado e a aqueles alumnos que superen polos cauces ordinarios a materia do seu curso actual, serán automaticamente cualificados como aptos na materia pendente.

Informarásese as familias con un comunicado das datas das probas e sistema de cualificación.

### **Medidas de atención para o alumnado repetidor:**

No caso de alumnos que xa superaron os obxectivos da materia de francés pero están repetindo por suspender outras materias, se lles proporán actividades de ampliación, lecturas complementarias adaptadas ao seu nivel e tarefas cun maior grado de complexidade, para que poidan seguir mellorando a súa competencia comunicativa.

Os demais alumnos repetidores aplicaráselles as mesmas medidas ca aos non repetidores.

## **10. DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCIÓN DOS SEUS RESULTADOS**

A avaliación inicial farase en todos os cursos ao principios do ano.

Será un exame do curso inmediatamente anterior. En función dos resultados de dita proba comezaremos de inmediato cos obxectivos dese curso ou faremos unha revisión rápida pero eficaz dos contidos do curso precedente. Esta avaliación permite tamén ver os diferentes niveis que hai na aula e permitíndonos adaptarnos mellor ao conxunto do grupo e poder ver a evolución persoal de todo o alumnado.

Como o estudo do francés como segunda lingua estranxeira iníciase en 1º da ESO, non consideramos procedente realizar probas formais para comprobar o nivel de competencia do alumnado nesta materia. Non entanto, sí realizaremos unha enquisa para averiguar se algún dos alumnos tivo contacto previo co francés (emigrantes retornados, familiares francófonos, viaxes, estudos previos) e saber cal é a actitude inicial do alumnado cara a aprendizaxe da lingua e a cultura francesas.

Por outra banda, na sesión de avaliación inicial tamén se recabará información académica (estudios previos de francés, materias pendentes, repetición de



cursos, etc.) e persoal (situación familiar, necesidades educativas especiais, etc.) que poida afectar ao proceso de ensino/aprendizaxe. Neste sentido, pedirase información aos alumnos e, de ser necesario, á orientadora do centro e ás familias.

## 11. ORGANIZACIÓN DE PROCEDEMENTOS PARA ACREDITAR COÑECEMENTOS PREVIOS BAC

A Maioría do alumnado que chega a nosa materia en 1º de Bac é alumnado que fixo a materia nos cursos precedentes, polo tanto a acreditación para cursar dita materia ven dada pola administración.

Se algún alumno/a non curso a materia coa anterioridade se lle fai unha proba o inicio de curso nivel A2/B1 para ver que ten a base para cursar dita materia.

## 12. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Para o alumnado que requira unha atención educativa diferente á ordinaria, por presentar necesidades educativas especiais, por dificultades específicas de aprendizaxe, trastorno por déficit de atención e hiperactividade (TDAH), polas súas altas capacidades intelectuais, por se incorporar tarde ao sistema educativo ou por condicións persoais ou de historia escolar, estableceranse as medidas curriculares e organizativas necesarias co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais e os obxectivos e competencias establecidas en cada etapa para todo o alumnado. Entre estas medidas estableceranse aquelas que garantan que as condicións de realización das avaliacións se adapten ás necesidades do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.

A escolarización do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo rexerase polos principios de normalización e inclusión, e asegurará a súa non-discriminación e a igualdade efectiva no acceso e na permanencia no sistema educativo.

A diversidade dentro da aula de francés refírese tanto aos modos de aprendizaxe como ás capacidades do alumnado. O alumnado é diferente e hai que tomar en conta esa heteroxeneidade para desenvolver de forma eficaz as súas capacidades. Non todo o alumnado aprende do mesmo xeito, os estilos de aprendizaxe dentro dun mesmo grupo son distintos. De aí a importancia de variar tanto o tipo de actividades como as técnicas de ensino utilizadas.

En 1º e 2º de ESO o alumnado con grandes dificultades para desenvolverse na súa propia lingua estará exento desta materia segundo recolle o DOG.

Intentarase na medida do posible desdobrar os grupos e atender ao alumnado como se merece.

### 13. ELEMENTOS TRANSVERSAIS

Unha das aportacións da Reforma foi atender ao desenvolvemento integral dos alumnos/as. Este carácter integral do currículo implica que se deben incorporar nas diferentes materias elementos educativos básicos contidos nas ensinanzas transversais. Así, en todos os cursos trataremos os mesmos temas e o mesmo día ou o día despois da súa celebración, dependendo de ter clase ese día ou non.

Evidentemente non imos traballalos da mesma maneira en 1º ESO que en 2º de BAC onde o coñecemento da lingua permite facer debates, exposicións, vídeos, etc. Pero en todos os cursos será tratados todos os temas que a continuación citamos, por consideralos de suma importancia:

- Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos (día 25 de novembro)
- Educación para a paz (día da paz: 30 de Xaneiro)
- Día da francofonía: Respecto e interese polo diferente
- Día da muller traballadora (8 de marzo):
- Educación para a saúde (día 11 de Marzo): A importancia dunha alimentación sá e duns hábitos saudables. Tempo de ocio saudable
- Educación do consumidor (día 15 de marzo): Consumo responsable mediante a análise do que é conveniente para a saúde e do que non.
- Educación ambiental (día 5 de xuño): Respecto polo medio ambiente cando se viaxa. Os medios de transporte e o respecto polo medio ambiente.

En efecto, ocasións non faltan para promover unha actitude crítica a eses poderes ocultos que ameazan con chegar a impoñerse ao ser humano se este non se mantén alerta: consumismo, abandono do medio ambiente, publicidade, prensa, falsa apertura, “pasotismo”, individualismo, malos hábitos de saúde física e psíquica, insolidariedade, etc.

Para integrar estes temas na tarefa educativa diaria, contamos con todos os medios que nos brindan as nosas actividades: comentarios críticos a imaxes e textos tratados en clase, debates nos que se potencian as actitudes respectuosas e tolerantes ante as opinións diferentes e a solidariedade con todas aquelas minorías étnicas que sofren marxinação, redacción de conclusións con arranxo a grupos de opinión, expresión diversificada de tales conclusións: oral, escrita, en carteis, en viñetas, en dramatizacións, etc.

Nun momento en que, por un cúmulo de razóns, a función educativa parece habérselle ido das mans á familia, non estará de máis que o profesor recoñézaa, asúmaa e a canalice cara a metas tan importantes para un adolescente como son, por exemplo, a orientación da afectividade, o compromiso, o sentido do deber, a

xenerosidade e a construción dunha convivencia solidaria, pacífica, respectuosa e harmónica para todos.

Por outra banda, a selección de temas transversais non se esgota na lista que propuxemos máis arriba, nin noutras listas máis que puidésemos confeccionar, senón que se renova, se actualiza e configúrase co paso do tempo e ao fío dos acontecementos e novas realidades que a sociedade vai suscitando aos nosos adolescentes, eses latexados do pulso do tempo que non deberían pasar inadvertidos para ningún profesor que se prece de ser un bo profesional.

#### **14. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

Para o día 25 de novembro de 2016, o departamento ten previsto levar aos alumnos de 3º e 4º da ESO a Lugo para asistir á representación dunha obra de teatro en francés.

XIIº Intercambio a Francia: o departamento de francés segue en contacto co colexio francés “Jean Monnet” de Janzé na bretaña francesa para realizar durante este curso 2016-2017 un intercambio lingüístico dirixidos aos alumnos de 3º e 4º da ESO (participaran uns 28 alumnos franceses). Tratarase dun intercambio duns 12 días no transcurso do 2º trimestre e principios do 3º.

#### **15. TRATAMENTO DO FOMENTO DA LECTURA E DO FOMENTO DAS TIC**

Traballarase nas clases empregando os recursos da biblioteca e da aula multimedia.

A formación da lectura comprensiva exige, pola súa vez, un traballo progresivo e continuado.

Traballarase con todo tipo de textos: literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos; en soporte impreso ou electrónico.

Incidirase na identificación da finalidade da lectura e na forma de axustar a lectura ao obxectivo en cada ocasión.

Ensinaranse estratexias de comprensión lectora.

Levaranse a cabo actividades de tipo xeral que terán como fin potenciar a lectura e o uso da biblioteca. Entre elas cabe destacar:

- Campañas de lectura: exposicións de libros xuvenís en lingua francesa
- Revistas viaxeras: cada alumno levará a súa casa unha revista de lingua francesa durante unha semana.

- Asistir a unha obra de teatro en lingua francesa e análise.
- Celebracións: Día do Libro, Día dos Dereitos Humanos, Semana da Prensa, Día do Medio Ambiente, ...
- Creación literaria, etc.
- Lectura voluntaria dun libro por trimestre
- Proxección de películas en lingua francesa en versión original subtitulada
- Publicar recomendacións de libros do Departamento de Francés

Levaranse a cabo varias actividades empregando as TIC:

- Dotar a páxina web do centro de información sobre o Departamento de Francés de información relevante como páxinas de consultas, exercicios de reforzo, actividades realizadas, etc.
  - . Traballo na aula: realizar exercicios na rede, participar en blogues/chat en lingua francesa, aprender a buscar información e seleccionala nos buscadores franceses, facer webquest, facer presentacións en OpenOffice Impress, etc...
- Ferramentas: Whatapps, Google (correo, Drive, ...), Prezi, Emaze, Piktochart, MovieMaker, etc...

## **16. MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA**

Utilizaranse os seguintes mecanismos:

- Resultados dos indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente.
- Informes de avaliación de cada curso e nivel.

Periodicidade: en cada reunión do Departamento farase o seguimento da Programación Didáctica e será ao final de cada avaliación cando se fagan constar as posibles propostas de modificación (que constarán na acta de Departamento correspondente). Estas propostas tamén se recollerán na Memoria final de curso do Departamento.

**INDICADORES:**

	Escala			
	1	2	3	4
1. Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2. Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.				
3. O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
15. Adecuación do procedemento de acreditación de coñecementos previos [Só para determinadas materias de 2º de bacharelato].				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final. [Só para ESO e bacharelato].				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria. [Só para ESO e bach].				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes. [Só para ESO e bacharelato]				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				

26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				

Conclusións sobre a análise: unha vez analizados os distintos aspectos contidos na táboa anterior, faranse as propostas de mellora e/ou modificación da Programación seguindo este esquema

- contidos que foi preciso engadir ou eliminar con respecto á programación prevista
- medidas que se adoptarán como resultado da revisión
- outras observacións

## 17. PROCEDEMENTOS PARA INFORMAR AO ALUMNADO SOBRE A PROGRAMACIÓN

Na primeira sesión de clase entregarase a todo o alumnado nun folio asinado pola súa profesora unha presentación da materia onde se desglosa os seguintes apartados: contidos, obxectivos, metodoloxía, e sistema de avaliación.

Ademais dita programación estará colgada na web do centro.

## REFERENCIAS NORMATIVA

- ← Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación (LOE), modificada parcialmente pola Lei Orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- ← Real Decreto 1105/2014, do 26 de decembro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria e do Bacharelato (BOE do 3 de xaneiro de 2015).

- ← Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, a educación secundaria obrigatoria e o bacharelato (BOE do 29).
  
- ← Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29). No caso das programacións didácticas de Educación Primaria, Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 9).
  
- ← Orde do 15 de xullo de 2015 pola que se establece a relación de materias de libre configuración autonómica de elección para os centros docentes nas etapas de educación secundaria obrigatoria e bacharelato, e se regula o seu currículo e a súa oferta (DOG do 21).
  
- ← Resolución do 27 de xullo de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións no curso académico 2015/16 para a implantación do currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia (DOG do 29).